

O segredo

A sombra do dragón chegaba a todas as partes, aínda que Hadrián era o único que podía sentir a súa presenza. O poder de Dragal manifestaríase moi pronto, mais para aqueles que o ignoraban era un día máis, coma outro calquera.

Todos os alumnos da clase agardaban con expectación a chegada de dona Ermitas, coas cualificacións do exame de matemáticas. Sabían que, coma sempre, faría a entrada na aula logo de dous minutos de soar o timbre.

Nin un segundo antes nin despois.

A vella profesora chegou puntual, abrazando o seu cartafol no colo. Paseniño, colgou a chaqueta de la vermella no respaldo da cadeira e, logo de saudar aos presentes na aula, comezou a repartir as cualificacións polos pupitres.

—Antón... sen comentarios. Ímonos ver en setembro, e se cadra o ano que vén.

—Teresa... podías facelo moito mellor.

—Breixo... hai que usar o miolo para algo máis que levar gorra.

—Antía... sigue así. Un oito.

—Marta... nesta ocasión eu agardaba moito máis ca un aprobado xustíño.

—Miguel... ben, raspadiño, pero algo é algo.

Mentres a profesora seguía o seu percorrido entre as mesas, achegándose pouco a pouco ao fondo da clase, Hadrián ollou pola fiestra. A choiva petaba contra os cristais, pero o rapaz tiña a ollada posta máis alá, na fachada da vella igrexa de San Pedro.

Atopouno coma sempre, na cornixa, e sorriu cando o vello Dragal lle chiscou un ollo nun xesto de complicidade.

O resto dos alumnos, alleos aos movementos do dragón de pedra, permanecían en absoluto silencio, atentos a cada xesto da súa titora. E dona Ermitas, tamén ignorante do acontecido, seguiu repartindo exames ata chegar á altura de Hadrián.

Daquela, a profesora detivo os seus pasos e pousou o folio, esborrachado polas dúas caras coa característica escrita diminuta do rapaz, sobre a súa mesa. Na marxe superior, a carón dos datos do alumno, en vermello e resaltado nun gran círculo, destacaba un «10» que a Hadrián lle pareceu tan grande coma un mundo.

—Aínda non sei como o fixeches... pero estouche abraida —díxolle.

A faciana do mozo iluminouse cun sorriso que lle chegaba de orella a orella. Un dez! Polo rabo do ollo puido ver como a silueta de Dragal se remexía na cornixa. Si, o dragón de pedra tiña a facultade de lerlle o pensamento e xa era sabedor da noticia.

Incapaz de centrar a súa atención na clase, ao soar o timbre Hadrián foi o primeiro en erguerse do asento para saír, mais non puido marchar da aula tan rápido como quixera. A profesora detívolve os pasos pousando unha man no seu ombreiro nun xesto que o rapaz non puido eludir.

—Agarda... quero falar contigo.

Elena Gallego Abad: *Dragal I. A herdanza do dragón*

Edicións Xerais de Galicia

1. Responde brevemente estas cuestións sobre o texto:

- **En que lugar se desenvolve a historia?**
- **Con quen se comunica Hadrián?**
- **Quen é dona Hermitas?**
- **Por que estaban impacientes os alumnos e alumnas?**
- **Que fixo o Dragal ao coñecer a cualificación de Hadrián?**

2. Resume brevemente o contido do texto

